

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Edicto de exposición pública da aprobación inicial de ordenanza

Edicto de exposición pública da aprobación inicial da Ordenanza reguladora do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora polo incumprimento do Regulamento da xestión do servizo de residuos sólidos do Consorcio As Mariñas no concello de Bergondo

O Pleno do Concello de Bergondo, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xullo de 2020, aprobou inicialmente a Ordenanza reguladora do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora polo incumprimento do Regulamento da xestión do servizo de residuos sólidos do Consorcio As Mariñas no concello de Bergondo.

Por medio do presente edicto ábrese un período de información pública polo prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado o expediente completo na Secretaría do Concello e aos efectos de que polos interesados se poidan presentar as reclamacións ou suxerencias que se estimen oportunas. Expoñerase tamén na páxina web municipal www.bergondo.gal e no Taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal <https://sede.bergondo.gal/opencms/gl/informacion/tablon/>.

De conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o acordo plenario inicial entenderase definitivo no caso de que non se presente ningunha reclamación, procedéndose á publicación íntegra da Ordenanza á que fai referencia o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Bergondo, 7 de agosto de 2020.

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

2020/5560